

Da auga, da terra e dun home de Paradela

Tomou prestado este título parafraseando o do relato de Francisco Piñeiro González, gañador no IX Certame de Narrativa Manuel Oreste. Porque todos nós somos auga, somos terra. E hai algo que nos xungue fortemente a ese lugar onde vemos a luz, algo a xeito de cordón umbilical que, a diferenza do que acontece co das nosas nais, non se corta nunca. Por moito que nos afastemos da nosa orixe, a súa chamada remata por seren escoitada.

Gardo un grato recordo do certame literario, por ser un dos primeiros premios que recibín no comezo da miña andaina literaria. Daquela, falaba no meu relato do soño dun rapaz, dun mozo, que tiña un prezo de mil dólares. Un inmigrante ilegal que procuraba os seus soños nun país alleo.

Emigrantes foron os meus pais nun país estranxeiro, emigrante tamén o noso home do título, Manuel Oreste, en Cataluña. Hai esa máxima certa de que o galego non protesta, emigra. Teño a impresión de que, emigrantes, dun xeito ou doutro, somos todos.

Di Baldomero Iglesias, o incomparable “Mero”, que Manuel era para el un home que sempre estaba e sempre viña, que estaba presente sempre aínda no lonxe.

Hoxe, vinte e cinco anos despois do seu pasamento, segue presente na súa terra que tanto amou, dándolle nome a unha fermosa iniciativa cultural que vai xa pola súa XX edición, un certame literario de longa traxectoria e recoñecido prestixio.

Eis aí a forza das palabras, ese alento vital dos que como Manuel, amamos a lingua.

Dicía antes que somos auga, que somos terra. Mais tamén somos lingua, esa lingua que non é de ninguén, senón de todos. A lingua é patrimonio de todos, sexa cal sexa, iso comprendeuno moi ben Manuel. Comprendeuno moi ben o protagonista daquel meu relato que devecía por entender outras linguas que non entendía, que soñaba no seu soño que aprendía a fala de varios mundos distintos.

Achegueime a Paradela un día de inverno, un día no que ía un frío que o calor das súas xentes non me fixo sentir. Dende aquela, e van xa oito anos percorridos, a terra do Loio ten para sempre un recuncho na miña memoria e no meu corazón.

Rafael Laso Lorenzo

Escritor

Gañador do XII Certame de Narrativa Manuel Oreste